



CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Extracto do Decreto de Alcaldía número 376/2025 de data 29 de xullo de 2025, polo que se convocan as subvencións destinadas a entidades e asociacións deportivas de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025.

1.-OBJETO.

O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades deportivas coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio.

Estas bases terán como finalidade apoiar e mellorar a práctica deportiva dos clubs e entidades deportivas, subvencionando os programas de actividades deportivas que se van desenvolver e os investimentos realizados, referido a proxectos de iniciación deportiva, fomento da práctica e competición deportiva; podendo consistir en programas, eventos ou competicións deportivas concretas ou na actividade ordinaria anual do club ou entidade deportiva solicitante.

O Concello poderá excluír da concesión, calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao ambiente.

2.-CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.

As subvencións faranse efectivas con cargo ás seguintes aplicacións do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2025:

341.489.00 por importe de 45.000,00 euros para actividades deportivas.

341.789.00 por importe de 15.000,00 euros para investimentos que realicen as entidades.

3.-FINALIDADE.

1. Considéranse gastos subvencionables, en caso de solicitar a subvención para a **realización de actividades**, os seguintes:

- a) Compra de trofeos
- b) Compra de material no inventariable o fungible con un importe unitario inferior a 100,00 € (balones, redes, camisetas, etc.) Para que sexan subvencionables a vestimenta da práctica deportiva deberá levar impreso os logos do concello e do Xeoparque.
- c) Gastos de aluguer de instalacións deportivas.
- d) Gastos federativos, mutuas, arbitrxes das competicións, etc. Os gastos derivados da participación habitual en competicións oficiais federadas (arbitrxes, taxas federativas, etc.) que non foran aboados polos deportistas.
- e) Nóminas do persoal técnico e seguridade social, cos requisitos legais.
- f) Gastos do mantemento do club. Os gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (telefonía, luz, auga, material de oficina funxible, administración, seguros e outros directamente relacionados coa actividade do club).
- g) Carteis, impresos, pancartas, publicidade de medios de comunicación para a divulgación das actividades e actos da entidade.



1. Seguros para a práctica e organización deportiva: Responsabilidade civil, accidente deportivo, asistencia sanitaria federativa.
2. Consideraranse gastos subvencionables os seguintes, no caso de solicitar a subvención para **realización de investimentos**:
 - a) Compra de material inventariable relacionado directamente coa actividade deportiva cun importe unitario igual ou superior a 100 €.
3. En ningún caso serán subvencionables:
 - a) Xurosdebedores de contas bancarias.
 - b) Sancións administrativas e penais, así como xuros e recargas que se poidan derivar.
 - c) Gastos de procedementosxudiciais.
 - d) Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ouasociacións (desaxunos, comidas, ceas, pinchos, etcétera).
 - e) Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ououtros produtos considerados lesivos para a saúde.
 - f) Gastos que contradigan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7-d da Leixeral de subvencións.

4.-MODALIDADE DE CONCESIÓN.

Réxime de concorrencia competitiva.

5.-REQUISITOS PARA SOLICITAR AS SUBVENCÍONS.

Poderán solicitar esta subvención todos os clubs e asociacións deportivas de Cedeira que reúnan, no momento de presentar a solicitude de subvención os requisitos sinalados na base 3 das bases reguladoras.

6.-ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

Nomearase unha comisión de valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formulará a proposta de resolución.

A Comisión de valoración estará composta por:

1. Presidencia: a persoa titular da concellería de Deportes ou persoa en quen delegue
2. Vogais:
 1. o titular da concellería de Facenda ou persoa en quen delegue
 2. a AEDL do concello ou persoa en quen delegue
 3. a persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz e sen voto
3. Secretaría: unha administrativa dos servizos económicos do Concello, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e no caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

7.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de la Provincia**, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.–DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR COAS SOLICITUDES.

A que figura na base 5 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

9.–CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os que figuran na base 6 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria.

10.–BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS.

A convocatoria rexerese polas bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións deportivas de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, aprobadas por Decreto de Alcaldía número 376/2025 de data 29 de xullo de 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP n.º 146, do 04 de agosto de 2025): https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/08/04/2025_0000005104.html